


fondo galego de cooperación e solidariedade

Memoria 2019

Cooperación local no mundo global



Memoria 2019

Fotografías de portada: Fondo Galego

Edita: Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (IGADI)

Sede do Fondo Galego: FEGAMP- Área Central
Rúa Varsovia, 4C – 6ª
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-555-999
Fax: 981-565-203

Secretaría do Fondo Galego: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)
Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra
Tfno: 986 84 34 36 / 698 144 536
info@igadi.org

Tiraxe: 350

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A
Deseño gráfico: BREO.gal
Depósito legal: Vg. 276-2014

ÍNDICE



0	PRESENTACIÓN	5
1	TECIDO E VIDA ASOCIATIVA	7
2	RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	13
3	PROXECTOS	19
4	SENSIBILIZACIÓN	29
5	COMUNICACIÓN	39
6	BALANCE	41
7	AXENDA 2019	45

0 PRESENTACIÓN



Evitar dar pasos atrás e o fortalecemento interno da asociación foron dúas premisas que guiaron o traballo ao longo do mandato 2015-2019. Sen dúbida, conseguiuse, grazas ao grande esforzo realizado por todas as entidades socias, que amosaron o seu compromiso participando activamente na vida orgánica do Fondo Galego. Canda elas, guiounos tamén o compromiso coa defensa e promoción dos Dereitos Humanos e a acción exterior de Galicia. Compromisos que puideron superarse desde o convencemento de que somos unha rede de persoas e institucións capaces de traballar por intereses comúns e universalistas.

O 2019 foi un ano marcado pola nova configuración dos entes do poder local tras as eleccións municipais do mes de maio. Este feito orixinou a renovación da Comisión Executiva do Fondo Galego. Sen deixar de agradecer o traballo, dedicación e esforzo á Comisión Executiva saínte, esta renovación de cargos e representacións políticas tentará dar un novo pulo ao traballo e ao esforzo depositado nesta axencia municipal da cooperación galega.

Faise esencial pór en valor a implicación e a dedicación da anterior Comisión Executiva. Da súa boa xestión e determinación recollemos hoxe bos froitos, a pesar das dificultades que, como sabemos, non faltaron.

A nova Comisión Executiva, e eu como presidente, agradecendo os esforzos das nosas e os nosos antecesores, acollemos o cargo como quen acolle o mellor dos agasallos. A ilusión e as ganas de traballar a prol dun mundo máis xusto e solidario desde os nosos municipios, superando as diferenzas e poñendo enriba da mesa o que nos une, será o noso principio básico. E, dando un paso máis alá, traballaremos con todo o empeño para expandir esta rede municipalista da cooperación, tratando de chegar a máis concellos e persoas, para garantir o espallamento dos valores fundamentais na construción dun mundo máis equitativo e xusto.

Se ben é certo que o mandato 2015-2019 foi un período de afianzamento do Fondo Galego, nomeado pola Fegamp como a axencia da cooperación local galega, nesta nova etapa debe gañar en solidez e consistencia, debemos avanzar e encamiñar os nosos esforzos cara un maior compromiso coa cooperación ao desenvolvemento, que pasa tamén polo económico, que nos permita dar un novo impulso ao Fondo Galego como actor sólido e fundamental do sistema galego de cooperación. O poder local ten moito que ofrecer, en experiencia e en competencias, e máis se somos quen de cooperar aquí, entre nós. Temos catro anos por diante para afianzar este reto.

Co orgullo de asinar novamente a memoria de actividades como presidente, quero reiterar o compromiso de seguir traballando a favor da xustiza e igualdade entre os pobos.

Juan González
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

1 TECIDO E VIDA ASOCIATIVA



O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade continúa a ser a rede sectorial máis ampla do municipalismo galego. Unha ferramenta sólida e eficiente que brotou desde o local para coordinar e promover a participación das administracións locais galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Así, o Fondo Galego pechou o ano 2019 con cento unha administracións locais socias, trece máis que ao inicio do mandato 2015-2019. Porén, o Fondo Galego continuou a sumar apoios no 2019, coa adhesión no mes de decembro do Concello de Baños de Molgas (Ourense) e sen rexistrarse ningunha baixa durante toda a anualidade.

Facemos agora un repaso polo funcionamento dos distintos órganos formais e informais da asociación:


ASEMBLEA XERAL

A Asemblea é o órgano colectivo e soberano do Fondo Galego, onde participan todas as entidades socias por medio das persoas que exercen a representación política das súas administracións locais. No 2019 reuniuse en dúas ocasións.

Na Asemblea Xeral do 26 de marzo de 2019, celebrada en Santiago de Compostela, nas instalacións da Fegamp, aprobouse o balance contable correspondente ao ano 2018, así coma o plan de actividades e orzamento para o ano 2019, e ratificáronse as altas dos concellos de Muros, Cariño, Viana do Bolo e Bueu.



Na primeira Asemblea Xeral de 2019 ratificáronse as novas altas e aprobouse a planificación anual.



Fonte: elaboración propia a partir de documentación obrante na Secretaría Técnica.

O 10 de outubro de 2019, o Fondo Galego reuniu de novo á súa Asemblea Xeral na Cidade da Cultura, para levar adiante o proceso de renovación de cargos da Comisión Executiva, que foi aprobado por consenso. Tamén se presentou un balance sobre o mandato 2015-2019. Un total de 42 administracións locais participaron nesta Asemblea, unha das máis concorridas da historia da asociación.

Para garantir o consenso na renovación de cargos da Comisión Executiva, realizáronse previamente reunións presenciais con representantes dos principais partidos políticos do panorama municipal galego. Así mesmo, neste proceso tivo lugar unha innovación, froito do proceso de rexeneración do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), asociación sen ánimo de lucro que dinamizou a constitución do Fondo Galego e que vén formando parte da súa Executiva desde a súa fundación, a través do que se convidou formalmente ás entidades socias a presentarse voluntarias para participar na Comisión Executiva. Desta chamada resultaron dous concellos interesados, alén de tres que xa estaban integrados na Comisión Executiva saínte.



A Cidade da Cultura foi o escenario dunha das asembleas máis concorridas na historia da Fondo Galego.

Cargo	Entidade	Provincia	Representante
Presidencia	Nigrán	Pontevedra	Juan González
Vicepresidencia	San Sadurniño	A Coruña	Ana Belén Breixo Gundín
Secretaría	IGADI	-	Andrea M. García Corzo
Tesourería	Cartelle	Ourense	Daniel Fernández Carril
Vogalía	Oleiros	A Coruña	Marga Figueroa Vázquez
Vogalía	Moraña	Pontevedra	María Luisa Piñeiro Arcos
Vogalía	Ames	A Coruña	Luísa Feijoo Montero
Vogalía	Santiago de Compostela	A Coruña	María Milagros Castro Sánchez
Vogalía	Deputación de Lugo	Lugo	María Loureiro García

A Comisión Executiva para o período 2019-2023 quedou composta polas seguintes administracións locais e as súas representantes.



Representantes de sete concellos, da Deputación de Lugo e do Igadi integran a nova Comisión Executiva.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva é o órgano de goberno do Fondo Galego. É un órgano plural que reflicte a filosofía de consenso coa que naceu a entidade. Durante o 2019 reuniuse en nove ocasións, a excepción dos meses de abril, xuño e xullo.

A derradeira Comisión Executiva do mandato 2015-2019 celebrouse en outubro, mes no que a Asemblea Xeral renovaría o citado órgano. A transición organizativa, como é natural dada a implicación política e institucional do Fondo Galego, non impediu continuar coas actividades da organización e coa súa vida asociativa.

Deste xeito, a Comisión Executiva saída das eleccións locais de maio de 2019, e na que continuou como presidente da asociación Juan González, quedou composta polos concellos de Nigrán (Presidencia), San Sadurniño (Vicepresidencia), Cartelle (Tesourería), Ames (vogal), Oleiros (vogal), Santiago de Compostela (vogal), Moraña (vogal), Deputación de Lugo (vogal) e o Igadi ocupando a Secretaría.

Como primeira acción deste órgano, presentouse por parte da súa vicepresidenta, Ana B. Gundín, unha moción na Asemblea Xeral da Fegamp e participouse na xuntanza ordinaria do Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (Congacode), órgano de consulta a nivel autonómico, para tratar sobre o Plan Anual da Cooperación Galega 2020, entre outros.



Persoal político e técnico de 35 administracións locais participou nas xuntanzas, como a celebrada no Concello de Ourense.



O encontro da RMS na Deputación de Lugo contou co testemuño de Jorge Monroy, da Fundación Pedro Poveda.

REDE MUNICIPALISTA SOLIDARIA

As xuntanzas da RMS están orientadas á participación do persoal técnico vinculado ao Fondo Galego en cada administración socia, mais tamén é unha ocasión perfecta para que as e os representantes políticos das mesmas coñezan de primeira man todas as actividades que desenvolvemos. As RMS posúen un sentido estratéxico para o Fondo Galego, especialmente no cometido de ampliar os mecanismos de contacto directos coas entidades socias, así como de servir de ferramenta que permita unha maior fluidez na comunicación e difusión das actividades e proxectos que impulsa o Fondo Galego.

No 2019, os concellos de Cambre, Barro, Ourense e mais a Deputación de Lugo acolleron entre o 21 e o 24 de xaneiro as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria. Nestes encontros, a Secretaría Técnica da entidade fixo balance dos proxectos de desenvolvemento apoiados en países empobrecidos ao longo de 2018, así como das actividades implementadas polas deputacións e concellos socios para concienciar fronte as desigualdades. Ao tempo, presentou as accións para o ano en curso, recollendo as achegas das e dos participantes.

Nesta ocasión, contouse ademais co testemuño de Jorge Monroy, responsable de formación docente da Fundación Pedro Poveda, para dar a coñecer o proxecto de cooperación internacional executado en Guatemala canda a ONGD InteRed, co fin de promover unha educación integral en sexualidade en centros educativos do municipio de Chinautla.



A reunión en Barro foi inaugurada polo alcalde, Xosé Manuel Fernández Abraldes, e pola deputada provincial Digna Rivas.



As xuntanzas provincias da Rede Municipalista Solidaria deron comezo no Concello de Cambre.

Aos encontros asistiron 16 entidades socias da provincia da Coruña, 11 da provincia de Pontevedra, 5 da provincia de Ourense e 3 da provincia de Lugo, que suman un total de 35 administracións locais e provinciais (catro menos que as 39 de 2018). No entanto, algunhas delas enviaron dúas e ata tres representantes, polo que o número de participantes foi de 43 persoas.

Na altura, cen deputacións e concellos eran socios do Fondo Galego, polo que a asistencia ás RMS se sitúa no 35%, fronte ao 41% do ano anterior. Cómpre destacar que a participación se mantivo estable nas provincias da Coruña e Ourense, mentres que descendeu en 1 concello na de Pontevedra e en 3 na de Lugo.

PLAN DE CAPTACIÓN DE ENTIDADES SOCIAS 2019

No 2019 continuouse traballando na captación de entidades socias, a través do contacto vía correo electrónico e reunións presenciais, incidindo directamente en 12 administracións locais aínda non adheridas. Asemade, o feito de ter lugar os comicios municipais no mes de maio dificultou o proceso de captación.

PARTICIPACIÓN NO ESTUDO SOBRE O ESTADO DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA EN GALICIA

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade xunto coa Coordinadora Galega de ONGD impulsan desde finais de 2018 un estudo sobre o estado da nosa cooperación municipalista. O estudo resulta fundamental para coñecer a evolución nos últimos anos, as principais tendencias e cales serán os obxectivos a traballar nos próximos anos para procurar o seu fortalecemento e consolidación. Para iso, leváronse a cabo enquisas e entrevistas aos concellos e deputacións galegas, así coma a outros actores relevantes, para coñecer as principais demandas e desafíos que afronta a cooperación municipalista. Coñeceremos os resultados de dita análise a principios do 2020, cando se dea por finalizado. O estudo pretende configurarse como unha ferramenta de traballo que marque os principais obxectivos e pasos a dar para conseguir unha cooperación municipalista galega con marca propia e comprometida.

Esta actividade reverte na coordinación e establecemento de sinerxías entre actores do sistema galego de cooperación, tal e como se remarca no actual Plan Director da Cooperación Galega.


1 FIN DA POBREZA
2 FAME CERO
3 SAÚDE E BENESTAR
4 EDUCACIÓN DE CALIDADE
5 IGUALDADE DE XÉNERO
6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO
7 ENERXÍA ASEQUIBLE E NON CONTAMINATE
8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO
9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA
10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES
11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES
12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES
13 ACCIÓN POLO CLIMA
14 VIDA SUBMARIÑA
15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES
16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS
17 ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS
OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

2 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS



O Fondo Galego, axencia municipal da cooperación galega, que procura, desde o local, incidir na defensa e consecución dos Dereitos Humanos, coloca a solidariedade internacional por riba dos localismos e partidismos.

O Fondo Galego é expresión dun compromiso municipalista, que xorde do convencemento de que o desenvolvemento humano sostible brota no local. Un compromiso que, nacendo galego, foi quen de proxectar o seu modelo no contexto comunitario.

Desde a fidelidade ao proxecto do Fondo, desenvolvemos intensas relacións institucionais durante o 2019.

XUNTA DE GALICIA

O Fondo Galego e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinaron no 2019 o convenio de sensibilización anual, por medio do cal o Fondo Galego cofinancia o seu plan de actividades de sensibilización en Galicia desde o ano 2000. O convenio do ano 2019 levou por título "Cooperación local no mundo global" e tivo un importe de 60.000€, incrementándose nun 50% ao respecto dos anos anteriores.

Así mesmo, durante o 2019, o presidente do Fondo Galego, Juan González, mantivo unha reunión co director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, así como coa subdirectora xeral de Cooperación, Pilar Romero. A xuntanza tivo lugar o 15 de outubro, para tratar a cuestión do proceso de tramitación da Proposta de Lei de Acción Exterior de Galicia, momento en que se comunicou que as achegas e alegacións recibidas por parte do Fondo Galego foran aceptadas na súa maioría.

Por outra banda, o Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (Congacode), órgano de consulta que agrupa aos axentes do sector, foi convocado o 29 de novembro para someter a aprobación dita Proposta de Lei, entre outros. O Fondo Galego, a través das súas representantes, Ana B. Gundín e Luísa Feijoo, vicepresidenta e vogal da Comisión Executiva do Fondo Galego respectivamente, votou a favor da Pro-



O Fondo Galego conta con dúas representantes no Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento.

posta de Lei, así coma do Plan de Actividades 2020, agradecendo o incremento de fondos no convenio do ano 2019 e o apoio que desde a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE se presta ás actividades desenvolvidas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Asemade solicitouse un incremento nos fondos destinados ao convenio co Fondo Galego de cara ao ano 2021.

O Fondo Galego forma parte ademais do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, canda representantes da Xunta de Galicia, da Coordinadora Galega de ONGD e das universidades. O 18 de setembro celebrouse unha nova xuntanza para facer seguimento da Estratexia de ED. Entre as actuación máis relevantes para o Fondo Galego, cómpre salientar a organización de formacións sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible por parte da Escola Galega de Administración Pública.

Deste xeito, a EGAP convocou os días 17 e 18 de xuño en Santiago de Compostela o curso monográfico 'A Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e a súa implementación nas administracións públicas galegas', no que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade impartiu a sesión dedicada á cooperación local no mundo global. A formación ía dirixida a persoal da Xunta de Galicia e da administración local, dos entes instrumentais autonómicos e das universidades públicas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Representantes de todos os grupos parlamentarios participaron o 28 de febreiro no Almorzo Xusto organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no Pazo do Hórreo, onde se comprometeron a alentar ás candidaturas municipais dos seus partidos a incorporar nos programas electorais a adhesión dos concellos a esta rede e a promover a cooperación internacional desde o local. Os grupos estudarán a posibilidade de realizar unha declaración institucional ao respecto no Parlamento de Galicia, a proposta do deputado do PPdeG Alberto Pazos Couñago.



Os grupos parlamentarios asumiron o compromiso de animar ás candidaturas locais a impulsar a cooperación.

O parlamentario expuxo asemade que a creación do Fondo Galego en 1997 "supuxo un salto da caridade á cooperación real" e que hoxe en día constitúe "unha ferramenta fundamental". O voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Xoaquín Fernández Leiceaga, apostou pola súa parte por "facer un maior esforzo de accountability" para que o labor realizado a prol do desenvolvemento dos países empobrecidos chegue á cidadanía, unha visibilización pola que tamén avogou a representante de En Marea, Paula Quinteiro, para quen "hai que socializar o impacto e o enfoque" do traballo que se está a levar a cabo. Ao tempo, o deputado do BNG Luís Bará engadiu a necesidade de coordinarse e "reflexionar sobre o tipo de cooperación e de relacións que se establecen", descartando o paternalismo.

O presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González, abriu a xuntanza salientando que a incorporación dos concellos a esta entidade lles "dá a oportunidade de participar na cooperación para o desenvolvemento, establecendo relacións de aprendizaxe mutua" cos países do Sur. Unha idea na que afondou o vogal da Comisión Executiva e concelleiro en Cartelle, Daniel Fernández, que sinalou a vantaxe que supón para os concellos pequenos, ao realizar "unha pequena achega que sobre o terreo significa moito".

A entón tamén vogal e vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, lembrou "a importancia da sensibilización fronte as desigualdades"

que fan os concellos a través das actividades facilitadas polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como administracións máis próximas á cidadanía. Mentres que a vogal e edil na Coruña, Rocío Fraga, remarcou o valor da asociación municipalista como "espazo de traballo conxunto das distintas forzas para acadar un obxectivo común". Por último, a vicepresidenta e concelleira en Redondela, Teresa París, referiuse ao actual marco normativo, apostando por flexibilizalo para que non se poñan trabas ás políticas públicas municipais de cooperación internacional. O almorzo servido foi a base de produtos de comercio xusto da ONGD Panxea.

FEGAMP

Durante o ano 2019 a relación de colaboración entre o Fondo Galego e a Fegamp continúa a ser moi próxima. As Asembleas Xerais e a meirande parte das reunións da Comisión Executiva celébranse nos edificios administrativos da Fegamp. Así mesmo, desde hai cinco anos o Fondo Galego conta cunha páxina propia na revista trimestral da Fegamp, *Concellos Galegos*.

No entanto, destaca a intervención da vicepresidenta do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Ana B. Gundín, na Asemblea Xeral celebrada o 29 de novembro, onde lle deu lectura a unha moción para convidar aos concellos a unirse ao Fondo Galego. "Uns 780 millóns de persoas viven por baixo do limiar da pobreza. Nun mundo global, as administracións locais non podemos mirar para outro lado", indicou na súa intervención.



Juan González interveu no II Encontro Internacional 'Think Europe: Compromiso 2030' como presidente da Confederación.

CONFEDERACIÓN DE FONDOS

A Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade engloba a nove fondos de cooperación autonómicos de base local, que representan a máis de 1.000 administracións locais que asumen a pertinencia do compromiso solidario coa cooperación internacional e os Dereitos Humanos. O Fondo Galego ostenta o cargo de Presidencia e Secretaría desde o ano 2017, recaendo a Vicepresidencia no Fons Valencià e a Tesourería no Fons Pitiús. O Euskal Fondoa, o Fondo Extremeño, o Fons Mallorquí, o Fons Menorquí, o Fondo Andaluz e o Fons Català ocupan as vogalías da asociación municipalista.

Durante o 2019 a Confederación mantivo unha vida orgánica activa, que se demostra coa realización de reunións mensuais co persoal de coordinación dos diferentes Fondos para organizar as actividades programadas. Entre elas, destacan a realización dunha formación en Córdoba, no mes de xuño, sobre redes e alianzas. Asemade, a Confederación continuou mantendo a unha traballadora a media xornada, que realizou as súas funcións desde a oficina da



A vicepresidenta do Fondo Galego, Ana B. Gundín, convidou aos concellos a unirse na asemblea da Fegamp.



O director da oficina da Alta Comisionada da Axenda 2030, Federico Buyolo, recibiu aos membros da Confederación.



A AECID e a Confederación de Fondos apostan por unha axenda de acción compartida para acadar os ODS.



O Felcode exerceu de anfitrión na Asemblea Xeral da Confederación de Fondos celebrada en Cáceres.

Secretaría Técnica do Fondo Galego, en Pontevedra, actual sede da Confederación de Fondos.

A Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade foi convidada ao congreso 'Think Europe, Compromiso 2030', celebrado entre os días 16-18 de xaneiro de 2019 en Soria, para participar na mesa "Cooperación Internacional para o desenvolvemento e as Axendas das cidades", na que o noso presidente e alcalde de Nigrán, Juan González, compartiu espazo con Aina Calvo Xastre, directora da AECID, Johannes Krassnitzer, do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e Andrés Rodríguez Amayuelas, presidente da Coordinadora de ONGD, entre outras.

Destacan, así mesmo, as reunións mantidas no Alto Comisionado da Axenda 2030, en Madrid, e a xuntanza coa directora da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), Aina Calvo.

No 2019 a Confederación de Fondos convocou unha Asemblea Xeral para aprobar o plan de actividades e orzamento da anualidade mais a memoria e balance económico do 2018.

COORDINADORA GALEGA DE ONGD

No ano 2019 as relacións entre o Fondo Galego e a Coordinadora Galega de ONGD foron fluídas e encamiñadas á estreita colaboración entre ambas entidades co obxecto de fortalecer e defender a cooperación ao desenvolvemento realizada desde Galicia.



Os oito países presentes no encontro deron os primeiros pasos para crear a Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

FORO DA COOPERACIÓN MUNICIPALISTA DA LUSOFONÍA

Representantes de gobernos locais e rexionais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Angola, Mozambique, Cabo Verde e mais São Tomé e Príncipe participaron no 'Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: Os municipios, pezas clave do desenvolvemento', que tivo lugar os días 12 e 13 de novembro en Santiago de Compostela. Unhas 80 persoas asistiron ás xornadas, celebradas na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) con financiamento autonómico.

O encontro arrincou coa inauguración institucional e o discurso de María Cupane, voceira da Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas, quen chamou a "redobrar esforzos para lograr os ODS" e salientou a necesidade de "acadar a igualdade de xénero no liderado político", unha reivindicación que estivo moi presente nos dous días de debate, ao igual que a busca de solucións locais a problemas globais.



O discurso inaugural correu a cargo de Mariana Cupane, en representación da Rede de Mulleres Autarcas de Mozambique.

As asociacións nacionais de municipios de Mozambique e Cabo Verde, gobernos da rexión guineana de Cacheu e de Príncipe ou da provincia angolana de Benguela, a Unión de Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA), o Frente Nacional de Prefeitos (Brasil) ou a Rede Intermunicipal de Cooperación ao Desenvolvemento (Portugal) foron algunhas das entidades convidadas. Canda elas, concellos coma os de San Sadurniño e As Pontes, a Coordinadora Galega de ONGD, CETMAR, CEIDA ou a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE pasaron polas diferentes mesas redondas. Ademais, os alcaldes de Ames e Tarrafal (Cabo Verde) aproveitaron para renovar o seu programa de cooperación técnica.

O obxectivo era achegar a realidade dos países de fala portuguesa ás autoridades locais galegas e, ao tempo, reflexionar sobre as relevantes achegas dos gobernos municipais á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU. O foro culminou coa lectura da declaración 'Solidariedade alén da lingua' e cos primeiros pasos para a creación da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

COLABORACIÓNS

- O 26 de febreiro, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participou na **Asemblea de Constitución do Consello de Cooperación e Solidariedade do Concello de Santiago de Compostela**. Así mesmo, a entidade pasou a formar parte como integrante de dito organismo, sendo convocada para a reunión extraordinaria do 2 de abril.

- O Fondo Galego conmemorou o Día Mundial da Auga participando na Xornada Técnica 'O cumprimento da Axenda 2030 desde a cooperación municipal e os operadores de auga', que se celebrou o 21 de marzo en Barcelona. Alí compartimos mesa co Fons Català de Cooperació al Desenvolupament, Euskal Fondoa, Fondo Andaluz de Municipios para la Solidariadad Internacional (Famsi), Fondo Extremeño Local de Cooperación al Desarrollo (Felcode) para falar dos programas de cooperación técnica, no noso caso Vacacións con Traballo na súa dobre vertente de ida e volta. O encontro, do que saíron interesantes conclusións, estaba organizado por Enginyeria Sense Fronteres, GWOPA/UN-Habitat, Aeopas e mais os fondos catalán e andaluz.
- O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade volveu formar parte en 2019 do **xurado do Premio Solidario Cidade de Ferrol**, onde estivo representado por Paula González Grueiro, concelleira en Cabanas. O 27 de novembro tivo lugar a xuntanza para valorar as 17 propostas presentadas, mentres que o 19 de decembro se produciu o acto de entrega do premio, que desta volta foi para o programa de atención a persoas sen fogar de Cáritas. O carácter innovador da proposta, o protagonismo da poboación beneficiaria, o impulso do autodesenvolvemento, a promoción da igualdade de xénero ou o respecto ao medio ambiente son algúns dos criterios que se valoran para outorgar este recoñecemento, dotado con 5.000 euros.



Reflexionar sobre o relevante papel da administración local no desenvolvemento sostible era o obxectivo do foro.



A técnica de Sensibilización do Fondo Galego, Carmen Novas, deu conta en Barcelona do programa Vacacións con Traballo.



A concelleira de Cabanas, Paula González Grueiro, participou no xurado do Premio Solidario Cidade de Ferrol 2019.

3 PROXECTOS



PANORÁMICA 2019

PECHE DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DIRECTA

- Fundação Encontro (Mozambique).
- Municipio de Nhamayabue (Mozambique).

PECHE DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN INDIRECTA

- Fortalecemento das capacidades técnicas para a xestión pública de calidade en proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais nos 7 municipios da Mancomunidade Nasmar (Honduras).

AXUDA DE EMERXENCIA


- Axuda de emerxencia tras o paso do ciclón Idai (Mozambique).

PANORÁMICA 2019

O 2019 foi un ano de peche de proxectos en curso e tamén de reflexión para o novo período do mandato 2019-2023. É por isto que no exercicio 2019 concluíron, como estaba previsto, os proxectos de cooperación aprobados en anualidades anteriores e se levou a cabo o apoio á Asociación Nacional de Municipios de Mozambique, coa axuda de emerxencia achegada tras o paso do ciclón Idai.

Así mesmo, no 2019 o Fondo Galego xestionou a convocatoria pública de proxectos de cooperación aberta polo Concello de Lugo a finais de 2018, e que levou aparelladas tarefas de avaliación das propostas recibidas, emisión de proposta de proxectos a financiar pola convocatoria e revisións dos informes de xustificación, entre outros. Por tanto, o Fondo Galego configúrase como a entidade capaz de asesorar ás administracións locais en materia de cooperación ao desenvolvemento, e non só iso, senón tamén como entidade referente en dar apoio á xestión das políticas públicas municipais no eido da cooperación e sensibilización.

Executáronse un total de 24.324,71€ para financiamento de proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento, reservándose unha partida de 23.301,52€ para unha futura convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia, que se viría a sumar á cantidade reservada na anualidade 2018 para poder lanzar dita convocatoria no 2020.



Evolución da achega en materia de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países do sur.

En xeral, foi un ano con menor actividade en materia de proxectos de cooperación no exterior, debido a diversos factores:

- Etapa de peche de ciclo dos proxectos que finalizaron no 2019, tendo iniciado en anualidades anteriores.
- Etapa de reflexión nesta materia, de cara ao novo mandato 2019-2023.
- Focalización en actividades de sensibilización e fortalecemento en Galicia, en detrimento da área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en países do Sur.
- Os comicios locais do mes de maio, que, dado a súa directa repercusión na vida orgánica da asociación, dificultaron a posta en marcha de novas actividades ou proxectos nesta anualidade.

PECHE DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DIRECTA

PROMOCIÓN DA SAÚDE A TRAVÉS DO DEPORTE NO MEDIO RURAL DOS DISTRITOS DE BOANE E NAAMACHA (MOZAMBIQUE)

LOCALIZACIÓN	Provincia de Maputo, Distritos de Boane e Naamacha (Mozambique)
DURACIÓN	24 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	468
PARCEIRO LOCAL	Fundação Encontro
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	51.524€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	40.000€
ACHEGA DO PARCEIRO LOCAL	11.524€
OBXECTIVO XERAL	Reducir a vulnerabilidade e factores de risco en nenos, nenas e mocidade a través da promoción de hábitos de vida saudables no sur de Mozambique.
OBXECTIVO ESPECÍFICO	Proporcionar estruturas nas comunidades para o desenvolvemento de hábitos de vida saudables en nenos, nenas e mocidade.
RESULTADOS AGARDADOS	▫ Competencias locais creadas para promover alternativas de lecer nas comunidades ▫ Nenos, nenas e mocidade adhírense á práctica deportiva ▫ Formados equipos nas comunidades para a promoción de hábitos de vida saudables ▫ Infancia e mocidade sensibilizadas sobre o impacto dos factores de risco nas súas vidas.



O equipo de fútbol feminino de Mahelane, impulsado dentro do proxecto, acadou o segundo posto no torneo municipal.

RESUMO

A Fundação Encontro, organización mozambicana sen fins lucrativos e de utilidade pública, xorde a partir da experiencia do Programa de Desenvolvemento Rural Integral, realizado durante 20 anos polo equipo da Casa do Gaiato de Maputo (Mozambique), nas comunidades dos Distritos de Boane (Massaca e Mahanhane) e Namaacha (Mahelane, Changalane, Ndividuane).



O equipo implicado no proxecto coa Fundação Encontro elaborou de xeito artesanal os conos empregados nos adestramentos.

Reducir os factores de risco que poden levar á xente nova a contraer adiccións, doenzas ou embarazos precoces é o obxectivo do proxecto no que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade colaborou coa Fundação Encontro en Mozambique, co deporte como ferramenta para conseguilo.

A través deste proxecto de cooperación internacional, ofrecéronse alternativas de lecer a nenas e nenos e mais á mocidade, creando equipos de fútbol e atletismo nos que se incentivou a participación e liderado das rapazas, favorecendo así a equidade de xénero. Ao tempo, formouse en educación para a saúde a un grupo de activistas que promoveron hábitos de vida saudables, co fin de diminuír a vulnerabilidade fronte o consumo de drogas e alcol, enfermidades cardiovasculares, sida, abandono familiar, desemprego, baixa autoestima, etc.

Para poñer en práctica a proposta, comezouse divulgándoa e identificando as persoas que coordinarían as actividades nas seis comunidades dos distritos de Boane e Namaacha onde se implementaron, no sur de Mozambique. Formouse tamén a monitoras e monitores deportivos e mais ás e aos integrantes dos equipos, que suman un total de 490 beneficiarias e beneficiarios directos das actividades. O traballo realizouse en coordinación coas autoridades locais e implicando á veciñanza, de xeito que indirectamente chegou a unhas 18.778 persoas.

O exercicio físico considérase unha ferramenta para mellorar a saúde, pero tamén para fomentar o crecemento persoal, as relacións sociais e o empoderamento das mulleres. Cada aldea contou cun equipo, que competiron en campionatos cuadrimestrais. Ademais, cada dous meses, organizáronse sesións de reflexión en grupo sobre diferentes temas de sensibilización e educación en valores, alén de implementar accións informativas e educativas sobre o terreo que tomaron forma de visitas domiciliarias, palestras, teatro, etc.

CONSTRUCIÓN DE DOUS SISTEMAS DE ABASTECEMENTO DE AUGA NO BARRIO DE MUTARARA VELHA, MUNICIPIO DE NHAMAYABUE (MOZAMBIQUE)

LOCALIZACIÓN	Barrio de Mutarara Velha, no municipio de Nhamayabue (Mozambique)
DURACIÓN	6 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	3.042
PARCEIRO LOCAL	Municipio de Nahamayabue
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	25.399,71€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	23.899,71€
ACHEGA DO PARCEIRO LOCAL	1.500€
OUTRAS CONTRIBUCIÓNS LOCAIS	1.500€
OBXECTIVO XERAL	Mellorada a calidade de vidas das e dos habitantes do municipio de Nhamayabue.
OBXECTIVO ESPECÍFICO	Contribuír co cumprimento do Dereito Humano á auga no municipio de Nhamayabue.
RESULTADOS AGARDADOS	▫ Mellorado o acceso á auga potable para os munícipes do barrio de Mutarara Vella. ▫ Mellorada a xestión da auga no barrio de Mutarara Vella.



A poboación de Nhamayábue, nomeadamente as mulleres, fai bo uso dos sistemas de abastecemento financiados.

RESUMO

Achegarse ao río para recoller auga constitúe unha práctica de risco para as comunidades que viven á beira do Zambeze, en Mozambique, xa que se expoñen aos ataques de animais salvaxes, como hipopótamos e crocodilos, que están a causar mortes e graves feridas sobre todo ás mulleres, habitualmente encargadas de encher os bidóns e lavar a roupa. Así acontece no barrio de Mutarara Velha, no municipio de Nhamayabue, ao que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade decidiu apoiar no ano 2017 coa construción de dous pequenos sistemas de abastecemento de auga. O presente proxecto deulle continuidade a esta iniciativa, apoiando a construción de dous novos sistemas de abastecemento de auga para cubrir a toda a poboación do barrio de Mutarara Velha.

Estímase que un 80% dos algo máis de 3.000 habitantes de Mutarara Velha se beneficiarán do abastecemento de auga a través das bombas solares instaladas nos catro pequenos sistemas de abastecemento de auga, minguando así a incidencia de doenzas como a diarrea, causa de mortalidade sobre todo entre nenos e nenas. Ao tempo, reducirase considerablemente a distancia que as mulleres teñen que percorrer cargando as garrafas, de xeito que poderán dedicar o seu tempo a outras actividades. Elas son as que habitualmente se xogan a vida adentrándose na beira do río, cos seus bebés ás costas e na compaña das fillas pequenas, normalmente en grupo para que unhas vixíen mentres outras fregan os pratos ou recollen a auga. Elas serán tamén quen integren os comités de xestión para manter e supervisar o funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga, que as afastarán ata 400 metros do perigo, para o que recibiron unha formación básica.

Os dezaseis anos de guerra civil arruinaron o pequeno sistema de subministro de auga co que contaba o barrio, onde só existen dous pozos que quedan baleiros na época da seca e onde ademais non hai enerxía eléctrica, circunstancias que tamén frean o desenvolvemento. A agricultura de subsistencia e a pesca son as principais actividades económicas na vila, emprazada na rexión central do país africano.



As bombas solares facilítanlles o abastecemento de auga aos máis de 3.000 habitantes de Mutarara Velha.



Os novos sistemas de abastecemento afastan á poboación dos perigos do río e minguan a incidencia de enfermidades como a diarrea.

PECHE DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN INDIRECTA
FINANCIADOS A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DO ANO 2017

FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES TÉCNICAS PARA A XESTIÓN PÚBLICA DE CALIDADE EN PROXECTOS DE ABASTECEMENTO DE AUGA A COMUNIDADES RURAIS NOS 7 MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE NASMAR (HONDURAS)

LOCALIZACIÓN	7 municipios da mancomunidade Nasmar (Honduras)
DURACIÓN	21 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	7 municipios, a mancomunidade Nasmar e 15 persoas do cadro técnico dos municipios e da mancomunidade.
ONGD	Enxeñería sen Fronteiras
PARCEIRO LOCAL	Mancomunidade dos municipios costeiros do Sur (Nasmar)
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	41.065,19€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	36.742,12€
ACHEGA DA ONGD	2.400€
CONTRIBUCIÓNS LOCAIS	1.923,08€
OBXECTIVO XERAL	Ampliado o acceso a auga potable e saneamento da poboación rural como dereito humano básico mediante a xestión integrada do recurso hídrico con enfoque de cunca hidrográfica na rexión do Golfo de Fonseca, Honduras.
OBXECTIVO ESPECÍFICO	Fortalecemento de capacidades para a xestión pública de calidade de proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar, Honduras.
RESULTADOS AGARDADOS	▫ Melloradas as capacidades das equipas técnicas municipais para a planificación e deseño de sistemas de abastecemento de auga a comunidades rurais. ▫ Definida unha metodoloxía de xestión pública de calidade para a xestión e execución de proxectos de abastecemento de auga nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar. ▫ Achegadas as realidades de xestión pública da auga en Honduras e Galicia.

RESUMO

O proxecto consistiu en fortalecer as equipas técnicas municipais dos 7 concellos que forman a mancomunidade Nasmar de xeito que poidan identificar, deseñar, formular, executar e xustificar proxectos de abastecemento de auga en comunidades rurais, integrando enfoques de participación cidadá, enfoque de cunca para a xestión do recurso auga, rendición de contas e calidade na xestión pública.

As compoñentes principais foron o fortalecemento de capacidades técnicas municipais para os cálculos hidráulicos precisos para o deseño de tubaxes, compatibilizar a ferramenta Fonsagua de planificación hídrica cos datos dos Plans de Desenvolvemento Municipal para poder integrar os proxectos de abastecemento nos plans anuais municipais e nas previsións de gasto municipal, e a fixación dun procedemento de calidade para a xestión pública da auga, que se institucionalice e quede como capacidade instalada nas municipalidades, independentemente de que se renoven e cambien as equipas técnicas.



O levantamento topográfico é unha das accións incluídas no proxecto con Enxeñería sen Fronteiras en Honduras.



O obxectivo é fortalecer as capacidades técnicas de sete municipios co fin de mellorar o acceso e a xestión da auga.

Preténdese así tamén iniciar os primeiros pasos cara unha xestión pública da auga de calidade con transparencia e rendición de contas, como unha vía para establecer procesos contrarios aos que se dan no país, de ocultación, corrupción e mala xestión pública.

A mancomunidade Nasmar pretende ser unha referencia no país na xestión de calidade, respecto á democracia, eficiencia na xestión de fondos públicos e transparencia, sendo esta compoñente básica e fundamental para saír do estancamento no desenvolvemento dun país que conta con recursos suficientes, pero que precisa dun desenvolvemento de boas prácticas e xestión eficiente para que os beneficios penetren á poboación beneficiaria.

Os municipios da mancomunidade Nasmar suman preto de 210.000 habitantes, dos que aproximadamente o 70% non dispoñen dunha traída en condicións axeitadas. Na zona rexístranse ademais altos índices de desigualdade e pobreza, por enriba da media do Estado que se sitúa no 65%. Cómpre ter en conta asemade que Honduras é un país altamente vulnerable ao cambio climático, debido á súa degradación medioambiental, e está considerado un dos máis afectados por fenómenos meteorolóxicos extremos, como furacáns e secas.

A xestión municipal da auga é unha cuestión que afecta tanto aos países do Norte coma os do Sur, e moitas das problemáticas e solucións que se presentan son comúns aos distintos territorios.

AXUDAS DE EMERXENCIA

AXUDA DE EMERXENCIA TRAS O PASO DO CICLÓN IDAI (MOZAMBIQUE)

O Fondo Galego de Cooperación destinou 10.000 euros a paliar a emerxencia xerada en Mozambique tras o paso do devastador ciclón Idai, facendo partícipes ás administracións locais que o conforman, ofrecendo a posibilidade de achegar axudas extraordinarias a esta causa. A achega foi destinada á reconstrución da vila de Nhamatanda, unha das máis prexudicadas tanto polo furacán como polo brote de cólera que lle seguiu.

A achega canalizouse a través da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM), que identificou como prioridade a dotación de depósitos de auga, produtos para o seu tratamento, útiles de hixiene persoal e limpeza e mais materiais de construción para poder reparar vivendas e infraestruturas, que resultaron gravemente danadas. Cun censo que rolda os 25.000 habitantes, Nhamatanda é o municipio que presenta unha maior taxa de poboación empobrecida dos que resultaron máis afectados polo desastre meteorolóxico, de aí que o Fondo Galego decidise apoiar esta área, á que apenas chegou asistencia.



O Fondo Galego destinou 10.000 euros á recuperación da vila de Nhamatanda tras a grave emerxencia xerada polo ciclón Idai.

O Idai está considerado un dos peores ciclóns tropicais dos que se ten constancia en todo o hemisferio sur. A mediados de marzo de 2019 tocou terra en Mozambique, onde provocou máis de 600 mortes. Unhas 400.000 persoas perderon os seus fogares, alén da destrución de pontes e outras vías de comunicación. Os terreos de cultivo ficaron completamente anegados, deixando a milleiros de familias sen os seus medios de subsistencia. Os servizos de educación e saúde víronse interrompidos e houbo moitas dificultades no acceso á auga potable nas semanas posteriores.

A Asemblea Xeral do Fondo Galego, celebrada a finais de marzo, acordou canalizar a axuda de emerxencia a Mozambique a través de parceiros locais cos que xa tiña unha liña de traballo establecida. Pretendeuse así asegurar o impacto das achegas e reforzar aos municipios do país lusófono, garantindo a transparencia na xestión dos fondos, que se transferiron integramente á ANAMM para mitigar a situación de risco en Nhamatanda.




O presidente da ANAMM, Calisto Moisés Cossa, supervisou a entrega dos depósitos de auga e materiais de construción financiados.


EXPOSICIÓN
DEREITOS HUMANOS EN MOZAMBIQUE
Acompañando a mellora da saúde e a educación desde a cooperación municipalista
FOTOGRAFÍAS
ADRIÁN IRAGO
PRODUCIÓN
fondo galego


FORO da COOPERACIÓN MUNICIPALISTA da Lusofonía
OS MUNICIPIOS
PEZAS CLAVE DO DESENVOLVEMENTO
INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS


2º CERTAME DE MURAIS
MUROS QUE UNEN
LOITEMOS CONTRA A POBREZA E AS DESIGUALDADES A TRAVÉS DA ARTE URBANA!
fondo galego


EXPOSICIÓN
OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
UN CAMIÑO PARA ACABAR COA POBREZA E AS DESIGUALDADES ALÁ E ACOLÁ
fondo galego
XUNTA DE GALICIA


INTER
GALI
PORT
CIA
UGAL
CAMBIOS
OS MUNICIPIOS A PROL DOS ODS
OUTUBRO · DECEMBRO · 2019


Mindjer di Guiné:
Miradas desde Guinea-Bissau


VACACIONS CON TRABALLO
Mozambique 2019 Cabo Verde
Queres vivir unha experiencia de voluntariado internacional?
Se traballas nunha deputación ou concello socio do Fondo Galego de Cooperación decídete a colaborar!
vacacionscontraballo.wordpress.com
www.fondogalego.org
/FondoGalego
fondo galego
XUNTA DE GALICIA


GALICIA CABO VERDE
galego
BATUKO TABANKA

4 SENSIBILIZACIÓN



O Plan de Sensibilización do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade rexistrou en 2019 un elevado dinamismo que achegou a concienciación fronte as desigualdades a millei-ros de persoas en preto de medio cento de concellos de toda Galicia. Espectáculos musicais, teatrais, contos, exposicións ou charlas foron algunhas das actividades desenvolvidas, boa parte delas co financiamento da Xunta de Galicia a través dun convenio de colaboración por valor de 60.000 euros.

A carón dos formatos máis tradicionais, reeditáronse tanto o concurso de murais como as experiencias de voluntariado in-ternacional. Ao tempo, innovouse con novas propostas para favorecer a implementación da Axenda 2030 no eido local, como os intercambios de experiencias entre municipios gale-gos e portugueses. En todos os casos, as avaliacións revelaron un alto grao de satisfacción por parte das entidades partici-pantes.



A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, encabezou o intercambio de boas prácticas arredor dos ODS con representantes do Seixal.

INTERCAMBIOS GALICIA-PORTUGAL

Promover a implementación dos Obxectivos de Desenvolve-mento Sostible no eido local era a finalidade dos 'Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS' que se desen-volveron en seis vilas galegas co apoio da Xunta de Galicia. Os concellos anfitrións acolleron durante dous días a cadan-súa delegación do país veciño para coñecer exemplos de boas prácticas no marco da Axenda 2030 fixada pola ONU.

As sesións, nas que participou persoal político e técnico, esti-veron dinamizadas por especialistas da ONGD lisboeta Insti-tuto Marquês de Valle Flôr. Ademais de presentar o perfil de



A concelleira de Benestar Social de Pontevedra, Paloma Castro, participou no troco de experiencias con persoal do Município de Faro.

cada municipio e de revisar os ODS, as xornadas de traballo permitiron profundar nas fases para a localización dos mesmos, é dicir, para integralos nas políticas públicas locais. Sensibilización, adaptación, implementación e monitorización son as catro etapas deste proceso, que permitirá definir as estratexias para que cada concello contribúa a facer realidade os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

O calendario dos encontros foi o seguinte:

INTERCAMBIOS GALICIA - PORTUGAL

DATA	MUNICIPIO GALEGO	MUNICIPIO PORTUGUÉS
5-6 novembro	**Ponteareas**	Amadora
7-8 novembro	**Vilagarcía**	Matosinhos
19-20 novembro	**Pontevedra**	Faro
21-22 novembro	**Guitiriz**	Seixal
2-3 decembro	**As Pontes**	Maia
4-5 decembro	**Verín**	Loures e Palmela



Jesús Bravo, técnico ambiental de Redondela, colaborou coa Fundação Encontro para mellorar a xestión do lixo nas comunidades.



Lola Pardo, especialista en desenvolvemento local do Concello da Coruña, asesorou á Cámara Municipal de Santa Cruz nesta materia.

VACACIÓNS CON TRABALLO

Un técnico do **Concello de Redondela** e unha técnica do **Concello da Coruña** desprazáronse respectivamente a Mozambique e Cabo Verde para colaborar cos parceiros do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a través das Vacacións con Traballo. O programa de voluntariado internacional estaba inicialmente pensado para os cadros das administracións locais e provinciais socias da entidade, aínda que como novidade desta última edición a convocatoria abriuse tamén ás mancomunidades e á Xunta de Galicia, que sufraga a iniciativa.

O técnico medioambiental Jesús Bravo cooperou durante o mes de novembro coa Fundação Encontro para promover a separación, reutilización e reciclaxe nas comunidades. O seu labor centrouse en ofrecer charlas de concienciación sobre o mellor xeito de xestionar o lixo, evitando sobre todo os vertedoiros incontrolados a ceo aberto. Axudou a instalar recipientes para clasificar os residuos e asesorou sobre o emprego da materia orgánica como compost, chegando a comprobar como a veciñanza poñía en práctica estas suxestións. Ademais, realizou varias actividades na Casa do Gaiato e traballou asemade coas e cos activistas.

O programa Vacacións con Traballo tamén enviou en setembro á Cámara Municipal de Santa Cruz á coruñesa Lola Pardo, técnica de desenvolvemento local que asesorou á vila caboverdiana nesta área. Despois de coñecer os recursos dispoñibles, profundando con cada un dos axentes no seu xeito de traballar e nas súas necesidades, a especialista realizou achegas a diferentes documentos estratéxicos. Por outra parte, Néstor Romero, técnico de deportes do **Concello de Lousame**, tiña previsto colaborar co municipio mozambicano de Nhamayabue, pero a súa viaxe houbo de pospoñerse debido á inestabilidade na zona norte do país tras a celebración das eleccións xerais.

Tratábase da décimo cuarta edición do programa, para a que se recibiron un total de 13 candidaturas, 8 de mulleres e 5 de homes, todas correspondentes a persoal municipal agás 2, que procedían de funcionariado autonómico. Alén de achegar unha cooperación técnica, entre os obxectivos das Vacacións con Traballo áchase o de concienciar fronte as desigualdades e a prol da solidariedade internacional, para o que as persoas participantes compartiron a súa experiencia a través das redes sociais do Fondo Galego.


VACACIÓNS CON TRABALLO EN GALICIA

En 2019 reeditouse esta iniciativa de cooperación técnica coa visita dun técnico da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique. O especialista en finanzas municipais Onofre Muianga pasou un mes intercambiando coñecementos nesta área con persoal dos concellos de **Burela**, **Cabanas**, **Outes** e **Moaña**.

O obxectivo das Vacacións con Traballo en Galicia é reforzar as capacidades dos municipios do Sur, ao tempo que se contribúe a sensibilizar sobre a súa situación e visibilizar as súas potencialidades. Recadación e xestión de impostos, catastro tributario, transferencias fiscais e outras fontes de financiamento ou control interno e modelos de rendición de contas eran algúns dos temas de interese do convidado africano.



Onofre Muianga pasou unha semana no Concello de Outes, onde tamén ofreceu charlas e visitou actividades produtivas.



O técnico mozambicano intercambiou coñecementos con persoal do eido económico no Concello de Burela.

Onofre Muianga pasou unha semana en cada municipio, de mediados de setembro a mediados de outubro, favorecendo deste xeito a implicación das administracións locais galegas na solidariedade internacional. Tamén visitou a **Deputación de Lugo** e ofreceu charlas en centros educativos, alén de coñecer a actividade de distintas asociacións para favorecer o intercambio cultural. Ademais, aproveitou para reunirse con representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

CERTAME 'MUROS QUE UNEN'

Tras os bos resultados colleitados na primeira edición, o Fondo Galego lanzou en 2019 o II Certame de murais arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 'Muros que unen'. O concurso encadrábase no convenio asinado co **Concello da Coruña** para destinar 20.000 euros á realización de actividades de sensibilización fronte as desigualdades.

As obras debían centrarse nos ODS número 3, 4, 5 e 11 que promoven, respectivamente, a saúde e o benestar, a educación de calidade a igualdade de xénero e as comunidades sustentables. Presentáronse 22 muralistas, dos que 12 eran mulleres, en dous casos agrupados por pares, e recibíronse un total de 25 bosquexos, dos que catro se fixeron realidade nun muro de contención duns 40 metros situado no acceso á praia de

Oza. O xurado conformárono as e os artistas Doa Ocampo, Eva Seoane e Novenoel, canda unha representante do Fondo Galego e outro do Concello.

A obra 'Ikigai' da coruñesa Julia Lago resultou escollida para retratar o ODS3: garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades. A autora baseouse neste concepto xaponés, que significa "a razón de vivir", para presentar unha situación simple e natural colmada de benestar e saúde, afastada da visión máis comercial destes conceptos, na que están presentes o campo, a calma, a amizade, a familia e unha alimentación saudable e sostible.

Miguel Cajaraville, de Baiona, ilustrou con 'Obradoiro' o ODS4: garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas. O artista racha cos estereotipos retratando pequenos "monstros" con distintos aspectos, en referencia á variedade de persoas que existe e que, no entanto, comparten o dereito a recibir unha educación axeitada.

O deseño escollido para simbolizar o ODS5: lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas, foi 'Liberdade', do portugués Diogo Ruas e a polaca Jagoda Cierniak, reunidos baixo a denominación de 'Mots'. O dúo radicado en Porto presenta a unha muller coas mans atadas e, no primeiro plano, as ataduras rotas, sendo a intención dos artistas subliñar a necesidade de loitar de maneira constante contra a violencia de xénero, ao tempo que renden homenaxe a quen así o fai.

Baixo o alias de 'Maz', Marcos Fernández, natural de Vigo, foi o encargado de representar co seu traballo 'Obras azuis' o ODS11: lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles. A intención do autor é levarnos a esa cidade ideal a través de tres escenas que amosan unha evolución próspera de comunidade, baseada nunha organización popular que promova unha convivencia adaptada a todas as persoas e respectuosa coa contorna.

A través destes catro murais, premiados con 2.000 euros cada un, preténdese difundir mediante a arte urbana os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados por Nacións Unidas, procurando fomentar ademais o pensamento crítico e a participación cidadá na construción de cidades inclusivas.




'Ikigai', de Julia Lago.



'Obradoiro', de Miguel Cajaraville.



'Liberdade', de 'Mots'.



'Obras azuis', de 'Maz'.

CONCERTO DE BATUKO TABANKA



Os concertos pecháronse en Narón, no marco do programa 'Un mundo cheo de diversidade' impulsado polo Concello.

O grupo Batuko Tabanka está integrado por unha ducia de mulleres de orixe caboverdiana afincadas na Mariña lucense. A emigración, a identidade ou a situación da muller son algunhas das cuestións que centran os seus temas, que van intercalando con breves explicacións. Mentres cantan, baten con forza e alegría sobre un pano pregado que colocan entre as pernas, o batuko, e mesmo saen a bailar nalgunhas cancións.

A formación reivindica a música tradicional de Cabo Verde ao tempo que difunde a súa cultura entre a sociedade galega, visibilizándoa e favorecendo actitudes de respecto cara a poboación migrante. Batuko Tabanka actuou en 2019 en cinco municipios socios do Fondo Galego, co fin de promover a interculturalidade e a inclusión.

- 06/07/19 **Concello de Tomiño**. Praza do Seixo. 22h.
- 20/07/19 **Concello da Guarda**. Praza do Reló. 22h.
- 21/07/19 **Concello da Laracha**. Praza Eduardo Vila Fano (Caión). 20h.
- 23/11/19 **Concello da Pobra de Trives**. Auditorio Julio Vázquez. 19h.
- 13/12/19 **Concello de Narón**. Centro Comercial Odeón. 18:30h.



Preto de 1.500 persoas gozaron o ano pasado da música de Batuko Tabanka na Laracha e outros catro concellos.

XIRA DA TROPA DE TRAPO

Catro monos

A habitual xira de contos con valores da compañía A Tropa de Trapo evolucionou en 2019 cara o espectáculo 'Catro monos', que chegou a preto de 500 rapaces e rapazas de 5 municipios socios do Fondo Galego, logo de que a representación no **Concello de San Cibrao das Viñas** ficara adiado para 2020.

- 25/04/19 **Concello de Muros**. Centro Cultural e Xuvenil. 11:30h.
- 27/04/19 **Concello de Viana do Bolo**. Praza Maior. 18:30h.
- 19/05/19 **Concello de Alfoz**. Centro Sociocultural. 18:30h.
- 19/07/19 **Concello de Rianxo**. Auditorio. 12h.
- 21/12/19 **Concello de Cabanas**. Casa do Concello. 12h.

'Catro monos' combina narración oral, música ao vivo e teatro de obxectos para facernos reflexionar sobre como nos relacionamos entre nós e co medio. É unha actividade para pensar, para rir, para cantar e para soñar con outro mundo posible.

A proposta dálle a volta aos emoticonos dos monos que non escoitan, non ven e non falan para que fagan todo o contrario en catro historias, que nos levan a convivir coas mulleres



A xira de 'Catro monos' arrincou en Muros dentro da Mostra de Teatro 'Xosé Agrelo', que aposta pola inclusión.

dunha aldea, con habitantes do Sáhara, etc. Todo cunha innovadora e atraente posta en escena, onde forma e contido se complementan para reforzar a mensaxe.

Antía, Wamba e o regato pequeno

Nos últimos anos, os novos concellos que deciden asociarse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade reciben como agasallo de benvida o espectáculo familiar 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Dos seis que se adheriron en 2018, tres deixaron a obra para 2019, aínda que só en dous se representou finalmente. Para 2020 queda pendente a actuación no **Concello de Baños de Molgas**, que se sumou á nosa rede a finais de ano.



O novo espectáculo familiar da Tropa de Trapo pasou pola IV Feira do Libro do Concello de Viana.

- 22/02/19 **Concello de Muros**. Auditorio. 18h.
- 09/07/19 **Concello de Bueu**. Praza Massó. 21h.

Quen protagoniza 'Antía, Wamba e o regato pequeno' son unha nena galega e un mozo do Congo que se busca a vida vendendo de todo na rúa. Os contos del e as merendas dela fúndense nunha amizade que lle aprenderá a Antía que compartir non é dar o que che sobra e que, como din na tribo de Wamba, o río énchese con regatos pequenos.



Alumnado de Xove celebrou o Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento asistindo á representación.

ESPECTÁCULO TEATRAL 'O VALO'

Promover a reflexión sobre as fronteiras e a situación das persoas refuxiadas é o obxectivo do espectáculo teatral que Pallasos en Rebeldía creou en 2017 para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. En 2019, 'O valo' percorreu catro municipios a fin de evitar o esquecemento das guerras e da xente que delas foxe, ao tempo que convidaba a transformar a realidade pensando un mundo diferente. Inicialmente eran cinco os destinos previstos, pero a representación no Concello de Ferrol non puido levarse a cabo, aínda que igualmente a actividade chegou a uns 500 nenos e nenas.

- 21/05/19 **Concello de Xove**. Salón de Actos. 11h.
- 11/07/19 **Concello de Teo**. Auditorio da Ramallosa. 12h.
- 28/10/19 **Concello de Cambre**. IES David Buján. 16:30h.
- 14/11/19 **Concello de Mugardos**. Teatro-Casino. 11:30h.

A proposta, baseada no premiado texto homónimo de Carlos Labraña, representa o encontro entre unha rapaza que escapa da guerra e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles. Cómpre ter en conta que o conflito en Siria obrigou a millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio noutros lugares, entre as que se achan moitas menores. 'O valo' é unha obra escrita en homenaxe a todas elas, para que as teñamos presentes e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valados, muros e fronteiras que separan os seres humanos.

EXPOSICIÓN 'NO COLO DA ESPERANZA'

As entidades socias do Fondo Galego seguiron contando en 2019 coa nova exposición 'No colo da esperanza', cedida temporalmente polo fotógrafo Felipe Carnotto, con quen tamén se chegou a un acordo para que ofrecera charlas complementarias. A mostra, realizada no ano 2015 na denominada "ruta dos Balcáns", está protagonizadas principalmente por rapazas e rapaces que foxen da guerra en Siria canda as súas familias, á procura dun futuro próspero en Europa.

A forza das imaxes pretende poñer o foco nas inxustizas que están a acontecer para que milleiros de persoas abandonen os seus fogares e camiñen en ringleiras durante horas, cruzando países como Turquía, Macedonia ou Serbia na procura de refuxio, coa esperanza de vivir en paz. Foron catro os municipios os que amosaron as vinte instantáneas de Felipe Carnotto, nalgúns casos en paralelo á obra 'O valo', aínda que non todos programaron a visita guiada co reporteiro.

- 18/01/19 a 14/02/19 **Concello de Oleiros**. CEIP Juana de Vega. Charla o 29/01 ás 12h.
- 19/02/19 a 03/05/19 **Concello de Caldas de Reis**. IES Aquis Celenis, CEIP San Fermín, CEIP San Clemente. Charla o 26/02 ás 10.30h.
- 10/05/19 a 02/06/19 **Concello de Xove**. Sala de Exposicións do Salón de Actos. Charla o 16/05 ás 13h.
- 18/06/19 a 30/06/19 **Concello de Culleredo**. Xardín botánico do Burgo.

EXPOSICIÓN 'OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE'

Os municipios teñen un papel chave no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030. O primeiro paso é dalos a coñecer, de aí que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade lanzara a exposición 'Os ODS. Un camiño para acabar coa pobreza e as desigualdades alá e acolá', empregando o humor e a retranca que nos caracteriza para facelos máis comprensibles para cidadanía.

Cada un dos 17 Obxectivos está representado por unha viñeta dunha autora ou autor, tanto de Galicia coma de países africanos da Lusofonía como son Mozambique, Cabo Verde e Guinea-Bissau. A través das obras destes 15 debuxantes, pre-



A exposición percorreu tres centros educativos de Caldas, onde tamén se programaron charlas de Felipe Carnotto.



Ata 15 grupos de catro centros educativos de Verín pasaron pola mostra sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.



O alcalde do Barco, Alfredo García, e o concelleiro de Servizos Sociais, Orlando Saavedra, inauguraron a exposición dos ODS.

téndese fomentar a reflexión, a nivel local e global, sobre temas como a loita contra a fame, o acceso á saúde e á educación, a equidade de xénero ou a protección do planeta. Ao tempo, búscase concienciar sobre as medidas que cadaquén pode tomar e/ou esixir ao respecto.

Na exposición podemos atopar as sinaturas de Neivaldo Nhatugueja, Iago Araujo, Pablo Rosendo, Roberto Mendes, María Nóvoa, Alberto Fortes, María Vilar, Jano, Alicia Jaraba, Clara Patiño, Paula Esteban, Noemí López, Laprislazuli, Tokio e Luis Davila. A mostra, que ao longo do último ano se amosou en sete municipios, resulta tamén innovadora polo seu formato, xa que as ilustracións van montadas sobre grandes caixas de cartón, e incorpora asemade unha unidade didáctica.

- 28/01/19 a 14/02/19 **Concello de Verín**. Sala de Exposicións.
- 01/03/19 a 15/03/19 **Concello do Barco**. Casa da Cultura.
- 21/03/19 a 12/04/19 **Concello de Pontevedra**. Biblioteca.
- 24/04/19 a 16/05/19 **Concello da Guarda**. Casa dos Alonso.
- 21/05/19 a 21/06/19 **Concello de Tomiño**. Mercado municipal.
- 21/11/19 a 10/12/19 **Concello de Guitiriz**. Casa Habanera.
- 14/12/19 a 31/01/20 **Concello de Ames**. Casas da cultura de Bertamiráns e Ames.



A exposición sobre Dereitos Humanos en Mozambique estreouse no Concello de Pontareas.

EXPOSICIÓN 'OS DEREITOS HUMANOS EN MOZAMBIQUE'

A exposición 'Dereitos Humanos en Mozambique: acompañando a mellora da saúde e a educación desde a cooperación municipalista' amosouse en tres concellos ao longo de 2019, ano da súa estrea. A mostra ofrece unha panorámica dos proxectos de desenvolvemento apoiados no país lusófono, canda intres da vida cotiá, a través das fotografías realizadas polo reporteiro Adrián Irago, que viaxou á zona como gañador do certame Imaxes con Fondo III.

A exposición, cun innovador formato de lonas e estruturas metálicas que permite montala en exteriores, organízase en cinco cubos que nos achegan á realidade mozambicana, comezando polas iniciativas de loita contra a



O fotoxornalista Adrián Irago guiou a visita inaugural á exposición na Praza do Concello de Nigrán.

pobreza cofinanciadas desde o ano 2001 en materia de educación, saúde ou abastecemento de auga. As imaxes amosan ademais actividades económicas, aspectos culturais, momentos de lecer, espazos naturais, etc.

- 10/01/19 a 30/06/19 **Concello de Ponteareas**. Auditorio/ Praza Maior/Praza de Abastos.
- 30/08/19 a 27/09/19 **Concello de Nigrán**. Praza do Concello.
- 04/11/19 a 22/11/19 **Concello da Guarda**. Casa dos Alonso.



O proxecto de auga en Guinea-Bissau culminou cunha mostra fotográfica realizada por un grupo de mulleres. FOTO: Sylvain Cherkaoui.

EXPOSICIÓN 'MINDJER DI GUINÉ'

A exposición 'Mindjer di Guiné' creouse ao abeiro do proxecto de cooperación indirecta financiado a Asemblea de Cooperación pola Paz no marco da convocatoria de subvencións para ONGD realizada polo Fondo Galego en 2017. A intervención facilitoulles o abastecemento de auga aos 1.824 habitantes da localidade de Carantaba, no norte de Guinea-Bissau, e incorporaba un obradoiro de introdución á fotografía para as veciñas. O resultado pode verse nesta mostra, que reúne vinte instantáneas realizadas polas dezaseis participantes na formación, impartida polo fotoxornalista Sylvain Cherkaoui.

As imaxes poñen en valor a interpretación que elas fan do mundo, da súa comunidade e da cooperación internacional. Cámara en man, as autoras captaron desde situacións cotiás ata a repercusión que os proxectos de desenvolvemento teñen nas súas vidas. Deste xeito, as fotografías permiten empatizar coa realidade do país lusófono desde o punto de vista da súa poboación, que loita por seguir avanzando en condicións moitas veces pouco favorables.

A exposición pasou por media ducia de concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, nalgúns casos incorporando unha charla explicativa a cargo de ACPP.

- 24/05/19 a 19/06/19 **Concello de Vilasantar**. Casa Consistorial.
- 02/08/19 a 28/08/19 **Concello de Muros**. Conserveira de Sel.
- 02/09/19 a 30/09/19 **Concello de Ames**. Casas da Cultura de Bertamiráns e Milladoiro.
- 11/10/19 a 31/10/19 **Concello de Poio**. Centro Cultural Xaime Illa (Raxó).
- 07/11/19 a 29/11/19 **Concello de Carballo**. Biblioteca Rego da Balsa.
- 02/12/19 a 09/01/20 **Concello de Burela**. Casa da Cultura.

EXPOSICIÓN '20 ANOS A FONDO COA SOLIDARIEDADE'

A mostra creada en 2017 para conmemorar o vixésimo aniversario do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade seguiu divulgando o labor da entidade nos anos seguintes, se ben en 2019 xa se consideraba esgotada e, tras recalar nun último



Alumnado de 2º da ESO do IES de Poio visitou a exposición 'Mindjer di Guiné' e asistiu á charla impartida por ACPP.

concello, instalouse como exposición permanente en **Pontevedra**, nas instalacións do Centro Sur onde se empraza a nosa Secretaría Técnica.

- 18/02/19 a 25/02/19 **Concello de Ourense**. Rúa do Paseo.

Dar a coñecer a contribución de deputacións e concellos galegos á erradicación das desigualdades Norte-Sur, ao tempo que se fomenta unha opinión pública favorable á cooperación para o desenvolvemento, é o obxectivo desta exposición, deseñada por Pepe Carreiro e cofinanciada pola DXRREEeUE. Os paneis fan un repaso pola orixe do Fondo Galego, os proxectos apoiados en países empobrecidos ou as actividades de sensibilización implementadas en Galicia, entre outros contidos.



Representantes políticos e persoal técnico do Concello de Ourense inauguraron a mostra sobre o Fondo Galego.

DOCUMENTAL 'DREAMING NICARAGUA'

O Fondo Galego ten un acordo coa Fundación Fabretto para que os concellos socios poidan proxectar o documental 'Dreaming Nicaragua' sen custos de exhibición. Nun intento por reactivar esta actividade e aproveitar os recursos do VideoFondo, ofreceuse esta posibilidade a través da Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga). Aínda que varias entidades amosaron interese, a sesión só chegou a materializala o Club Cultural Valle-Inclán que ademais organizou unha charla complementaria da ONG Axunica sobre a actualidade do país centroamericano.

- 27/05/19 **Concello de Lugo**. Facultade de Formación do Profesorado da USC. 19:30h.



Máis de 50 persoas asistiron á proxección do documental 'Dreaming Nicaragua' no Club Cultural Valle-Inclán.

'Dreaming Nicaragua' ofrece un retrato diferente de catro nenos que viven na extrema pobreza, pois lévanos alén das súas dificultades e dálle voz á rapazada, que resulta sorpredentemente divertida, esperanzada e optimista. Un profesor de arte itinerante ofrécelles un espazo seguro para expresarse e soñar, en contraste coa vida diaria marcada pola fame, o traballo infantil e a violencia.

Cómpre engadir que tamén se elaborou unha base de datos da filmoteca do Fondo Galego, integrada por un cento de títulos, incluíndo as distribuidoras de cada fita para facilitar o contacto en caso de futuras proxeccións nas que empregar o cinema como ferramenta de concienciación.

5 COMUNICACIÓN



O último ano supuxo a recta final do **Plan de Comunicación Externa 2017-2019**, que respondía á necesidade de afondar na visibilización e transparencia do Fondo Galego, reflectida nas Liñas Estratéxicas do mandato. Continuouse pois traballando non só na difusión das actividades realizadas, senón tamén dando a coñecer as causas da pobreza, sobre as que as nosas actuacións convidan a reflexionar. Alén das accións offline o online que viñan sendo habituais, incorporáronse novas estratexias en sintonía coa planificación anual.

Ao longo de 2019 preparáronse unhas 50 notas de prensa e organizáronse roldas en momentos chave, principalmente nos municipios receptores das actividades. Tamén se xestionaron entrevistas e reportaxes, sobre todo con motivo das visitas do Sur. Deste xeito, xeráronse centos de impactos en medios tradicionais e electrónicos, que se recolleron nun **dossier de cobertura mediática**. A maiores, os concellos recibiron cartelería personalizada, folletos, etc.

No eido online, seguimos tendo presenza en xornais electrónicos e webs de distintas organizacións, alén dos nosos propios medios dixitais. Tal é o caso da **newsletter** mensual 'O Fondo Galego Informa', remitida a máis de 700 destinatarios. Ademais, a páxina www.fondogalego.org recibiu 77.177 visitas, das que 39.515 corresponderon a visitantes únicos.

A respecto da **web** do Fondo Galego, iniciouse un proceso de renovación cuxos resultados serán visibles en 2020. Trátase de adaptar a páxina aos tempos cambiantes da información dixital, cun deseño acorde aos dispositivos móbiles, novas funcionalidades, protección de datos, optimización de contidos, etc. Ademais de mudanzas estéticas que farán a web máis atractiva, reor-



As visitas do Sur espertan grande interese entre os medios, tamén nas radios escolares.



A rolda de prensa do programa Vacacións con Traballo celebrouse no Concello de Santiago de Compostela.

ganizarase a estrutura para facilitar a navegación, con novas pestanas como a da obrigada transparencia. O portal estará tamén mellor integrado coas **redes sociais** do Fondo Galego, que superan os 5.500 seareiros e seareiras en Facebook e os 2.000 en Twitter.



Baixo o hashtag #RetoAosConcellos difundíronse boas prácticas municipais vinculadas aos ODS.



O Fondo Galego publica periodicamente en Praza artigos de opinión sobre os ODS asinados desde os concellos.

Mención especial merece a campaña **#RetoAosConcellos** lanzada a través de Facebook para difundir boas prácticas municipais que permiten contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. A comezos de cada mes púñase en valor algún deses exemplos, vinculándoo tanto ao ODS correspondente como a algún día mundial próximo. As botellas de cristal que substituíron as de plástico en **Nigrán**, a guía de linguaxe inclusiva da **Deputación de Pontevedra** ou os agasallos institucionais elaborados por entidades sociais en **Cambre** foron algúns dos 11 casos a destacar.

Por outra parte, prorrogouse a colaboración iniciada en 2018 con *Praza Pública* para publicar periodicamente **artigos de opinión** asinados por representantes políticos vinculados ao Fondo Galego nas deputacións e concellos socios. Cada texto promove un Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e lánzase coincidindo con algunha conmemoración internacional relacionada co tema. Se o primeiro ano se abordaron oito ODS, en 2019 foron sete, ficando os dous restantes para o primeiro trimestre de 2020.

Doutra banda, mantívose o acordo coa Federación Galega de Municipios e Provincias (**Fegamp**) para que a súa revista *Concellos Galegos* inclúa cada cuadrimestre cando menos unha páxina dedicada á actualidade do Fondo Galego. O balance do exercicio anterior, o plan de actividades aprobado pola Asemblea Xeral, a axuda de emerxencia tras o ciclón Idai en Mozambique e a aprobación da nova Comisión Executiva para o período 2019-2023 foron, desta volta, os temas centrais.

Por último, tras a alta demanda rexistrada o ano anterior, en decembro lanzouse a **Axenda 2020**, co lema '15 anos de Vacacións con Traballo'. A idea era conmemorar o décimo quinto aniversario do programa, de xeito que cada mes vai encabezado pola fotografía dunha ou dun participante en terreo, nalgúns casos acompañada tamén do seu testemuño. Amais de enviala ás e aos seus protagonistas, a axenda distribuíuse entre as persoas representantes políticas e técnicas do Fondo Galego en cada unha das deputacións e concellos socios, así como a diferentes entidades e persoas colaboradoras.

6 INFORME ECONÓMICO



A anualidade 2019 reflicte novamente a **estabilidade da asociación municipalista en materia económica**. Malia todo, **cabe destacar tamén o estancamento** da asociación en materia económica neste último mandato, o que limita á hora de proxectar ao municipalismo galego como actor clave da acción exterior de Galicia a través dunha política mancomunada de cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, cómpre analizar que o orzamento do Fondo Galego dos últimos dous mandatos municipais nada ten que ver co de hai unha década, o cal reflicte un claro retroceso no compromiso das diferentes administracións en materia de cooperación ao desenvolvemento.

En canto aos ingresos, cómpre sinalar o **incremento do importe do convenio asinado desde o ano 2000 coa Xunta de Galicia** para a realización de actividades de sensibilización, pasando de 40.000€ nos anos 2018, 2017, 2016 e 2015 a 60.000€ nesta anualidade. Tamén continúa o **convenio co Concello da Coruña** por un importe de 20.022,79€ (no balance aparece a parte que foi abonada no 2019, mais queda unha parte pendente de cobro no 2020), a través do que se levou a cabo a segunda edición do concurso de murais Muros que Unen. E, como aspecto relevante e novidoso, destacamos a adxudicación do **contrato menor co Concello de Lugo** para a realización da avaliación e seguimento dos proxectos presentados e financiados a través da súa convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento aberta en decembro do 2018.

En canto ao pago das cotas, este ano foi realizado o seu envío a través da sede electrónica das administracións locais socias ou ben a través da plataforma FACe, para adaptarnos deste xeito á normativa vixente así como para aforrar no gasto de papel e contribuír á conservación do medio ambiente. A destacar que o Fondo Galego presenta unha débeda por **impago de cotas atrasadas que ascende a 31.330,89€**, correspondendo 25.889,82€ á anualidade 2019.

En canto aos gastos, o ano 2019 déixanos un **remanente positivo de 55.586,24€**, o cal resulta beneficioso por dúas cuestións fundamentais:

- Para o correcto funcionamento da asociación municipalista, xa que hai que soportar custes de funcionamento no inicio do próximo exercicio ata que se cobren as cotas das entidades asociadas.
- A previsión de remanente positivo contémplase no orzamento dos últimos anos como método de "aforro" para poder abrir a convocatoria de proxectos para ONGD na próxima anualidade coa suma das cantidades positivas.

Destacar a forte **aposta nas actividades de sensibilización en Galicia en detrimento dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento**, o cal debería ser un punto de reflexión para o próximo mandato.

Desde a Secretaría técnica do Fondo Galego lévase a cabo o seguimento da execución económica do orzamento aprobado pola Asemblea de entidades socias, tratando de que se produzan os mínimos desaxustes. Os datos contables, fiscais e económicos permanecen na oficina técnica do Fondo Galego en Pontevedra, e están dispoñibles para a consulta de calquera entidade socia previa solicitude.

En canto á transparencia, desde o ano 2017 a entidade vese afectada pola Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostemento Financeiro (BOE nº240 de 5/10/2012), pola que se establece a obriga de remitir ao Ministerio de Facenda e Administración Pública información de carácter económico-financeiro e de gastos de persoal. Dito Ministerio estableceu que o Fondo Galego é unidade dependente do Concello da Coruña, polo que de forma mensual e trimestral élles enviada a información económica da asociación segundo os formularios establecidos. O Concello da Coruña ten como cometido informar ao Ministerio dos datos procedentes do Fondo Galego.

Velaquí o cadro resumo da execución orzamentaria do plan de actividades da anualidade 2019.

INGRESOS		**246.011,51**
Cotas de entidades socias		**160.971,19**
Cotas de entidades socias 2019	160.971,19	
Subvencións fortalecemento e sensibilización		**79.622,33**
Convenio Xunta de Galicia	60.000,00	
Convenio Concello da Coruña	19.622,33	
Ingresos cooperación		**5.020,00**
Servizo técnico avaliación convocatoria Concello de Lugo	5.020,00	
Outros		**397,99**
Minoración axuda Hnas. Mercedarias Guatemala	154,16	
Reembolsos Confederación de Fondos	243,83	

GASTOS		**190.425,27**
Gastos Correntes		**67.960,54**
Gastos secretaría do Fondo (IGADI)	64.000,00	
Gastos asesoría	3.411,94	
Servizos bancarios e similares	185,88	
Outros servizos e gastos varios	0,00	
Amortización inmovilizado	362,72	
Gastos de Funcionamento		**3.465,06**
Asesoría xurídica	1.640,96	

Mensaxería e correos	239,74	
Outros gastos	1.584,36	
Gastos plan fortalecemento		**16.849,70**
Almorzo xusto	192,86	
Asemblea Xeral	254,88	
Captación de socios	56,93	
Confederación de Fondos	2.951,67	
Estudo sobre a cooperación municipalista en Galicia	60,50	
Intercambios entre municipios galegos e portugueses	12.884,13	
Xuntanzas RMS	448,73	
Gastos plan sensibilización		**70.304,75**
Actuacións culturais	12.498,42	
Axendas 2020	2.937,88	
Concurso Murais	21.394,87	
Exposicións	983,24	
Foro da cooperación municipalista da lusofonía	24.446,63	
Memoria 2018	330,33	
Vacacións con Traballo	3.704,98	
Vacacións con traballo en Galicia	4.008,40	
Gastos plan proxectos cooperación		**24.324,71**
Emerxencia ciclón Idai (MZ)	10.000,00	
Proxecto Fundaçao Encontro (MZ)	6.000,00	
Proxecto Nhamayabue (MZ)	8.324,71	
Gastos plan comunicación		**2.079,44**
Memoria 2018	995,28	
Publicidade redes sociais	42,35	
Web	1.041,81	

Provisión ante posibles impagos de cotas atrasadas		**5.441,07**
Cota Dumbría 2018	370,25	
Cota Dumbría 2017	371,21	
Cota Dumbría 2016	373,02	
Cota Triacastela 2018	219,71	
Cota Triacastela 2017	220,44	
Cota Triacastela 2016	221,79	
Cota O Porriño 2018	1.467,60	
Cota Sarria 2018	1.098,92	
Cota Sarria 2017	1.098,13	
REMANENTE POSITIVO 2019		**55.586,24**

7 AXENDA



10-01-2019	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi / 09:30
15-01-2019	Santiago de Compostela / Xuntanza do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Consello Económico e Social de Galicia / 11:00
16-01-2019 - 18-01-2019	Soria / II Congreso Internacional Think Europe 2030: 'O compromiso das intermedias'. Palacio da Audiencia / 08:30
21-01-2019	Concello de Cambre / Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria. Casa da Cultura 'Vila Concepción' / 10:30
22-01-2019	Concello de Barro / Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria. Salón de Plenos / 10:30
23-01-2019	Deputación de Lugo / Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria. Salón Verde / 10:30
24-01-2019	Concello de Ourense / Xuntanza da Rede Municipalista Solidaria. Centro Cívico Colón / 10:30
29-01-2019	Concello de Oleiros / Charla do fotoxornalista Felipe Carnotto sobre a ruta dos Balcáns. CEIP Juana de Vega / 12:00
28-01-2019 - 14-02-2019	Concello de Verín / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Sala de Exposicións.
18-01-2019 - 14-02-2019	Concello de Oleiros / Exposición 'No colo da esperanza'. CEIP Juana de Vega.
20-02-2019	Madrid / Xuntanza da Confederación de Fondos no Alto Comisionado da Axenda 2030. Complexo da Moncloa, Edificio Semillas / 15:00
21-02-2019	Deputación de Cáceres / Asemblea da Confederación de Fondos. Palacio Provincial / 12:00
22-02-2019	Concello de Muros / Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Auditorio / 18:00
18-02-2019 - 25-02-2019	Concello de Ourense / Exposición '20 Anos a Fondo coa Solidariedade'. Rúa do Paseo.
26-02-2019	Concello de Caldas / Charla do fotoxornalista Felipe Carnotto sobre a ruta dos Balcáns. Sala de Exposicións do Salón de Actos / 10:30
28-02-2019	Parlamento de Galicia / Almorzo Xusto cos grupos parlamentarios. Comedor vermello / 09:00

28-02-2019	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Parlamento de Galicia / 10:00
01-03-2019 - 15-03-2019	Concello do Barco / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Casa da Cultura.
21-03-2019	Barcelona / Presentación sobre Vacacións con Traballo na Xornada Técnica 'O cumprimento da Axenda 2030 desde a cooperación municipal e os operadores de auga'. Sant Pau Recinte Modernista / 10:00
13-03-2019 - 22-03-2019	Online / Aberto o prazo de solicitude de actividades de sensibilización para as deputacións e concellos socios.
26-03-2019	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp / 09:30
26-03-2019	Santiago de Compostela / Asemblea Xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Fegamp / 10:00
21-03-2019 - 12-04-2019	Concello de Pontevedra / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Biblioteca.
15-04-2019	Concello de Santiago / Rolda de prensa de presentación do programa Vacacións con Traballo. Pazo de Raxoi / 11:30
25-04-2019	Concello de Muros / Contos 'Catro monos'. Centro Cultural e Xuvenil / 11:30
27-04-2019	Concello de Viana do Bolo / Contos 'Catro monos'. Praza Maior / 18:30
19-02-2019 - 03-05-2019	Concello de Caldas / Exposición 'No colo da esperanza'. IES Aquis Celenis, CEIP San Fermín, CEIP San Clemente.
24-04-2019 - 16-05-2019	Concello da Guarda / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Casa dos Alonso.
16-05-2019	Concello de Xove / Charla do fotoxornalista Felipe Carnotto sobre a ruta dos Balcáns. Sala de Exposicións do Salón de Actos / 13:00
19-05-2019	Concello de Alfoz / Contos 'Catro monos'. Centro Sociocultural / 18:30
21-05-2019	Concello de Xove / Obra 'O valo' sobre persoas refuxiadas. Salón de Actos / 11:00
15-04-2019 - 26-05-2019	Online / Aberta a convocatoria do programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo.
27-05-2019	Concello de Lugo / Documental 'Dreaming Nicaragua'. Facultade de Formación do Profesorado, con CCCC Valle Inclán e Feciga / 19:30
29-05-2019	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi / 09:30
10-05-2019 - 02-06-2019	Concello de Xove / Exposición 'No colo da esperanza'. Sala de Exposicións do Salón de Actos.
06-06-2019 - 07-06-2019	Córdoba / Xornadas técnicas da Confederación de Fondos. FAMSI / 09:00

18-06-2019	Santiago de Compostela / Sesión sobre Cooperación local no mundo global dentro do curso 'A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas administracións públicas galegas'. EGAP / 12:00
24-05-2019 - 19-06-2019	Concello de Vilasantar / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Casa Consistorial.
21-05-2019 - 21-06-2019	Concello de Tomiño / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Mercado municipal.
10-01-2019 - 30-06-2019	Concello de Ponteareas / Exposición 'Dereitos Humanos en Mozambique'. Auditorio / Praza Maior / Praza de Abastos.
18-06-2019 - 30-06-2019	Concello de Culleredo / Exposición 'No colo da esperanza'. Xardín botánico do Burgo.
06-07-2019	Concello de Tomiño / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Praza do Seixo / 22:00
09-07-2019	Concello de Bueu / Contos 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Praza Massó / 21:00
11-07-2019	Concello de Teo / Obra 'O valo' sobre persoas refuxiadas. Auditorio da Ramallosa / 12:00
19-07-2019	Concello de Rianxo / Contos 'Catro monos'. Auditorio / 12:00
20-07-2019	Concello da Guarda / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Praza do Reló / 22:00
21-07-2019	Concello da Laracha / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Praza Eduardo Vila Fano (Caión) / 20:00
23-07-2019	Pontevedra / Formación para o voluntariado do programa Vacacións con Traballo. Igadi / 10:00
31-07-2019	Distritos de Boane e Namaacha. Maputo. Mozambique / Fin do proxecto "Promoción da saúde a través do deporte no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha", da man da Fundação Encontro.
02-08-2019	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi / 09:30
02-08-2019 - 28-08-2019	Concello de Muros / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Conserveira de Sel.
23-08-2019 - 16-09-2019	Concello de Rianxo / Exposición 'No colo da esperanza'. Auditorio.
30-08-2019 - 27-09-2019	Concello de Nigrán / Exposición 'Dereitos Humanos en Mozambique'. Praza do Concello.
02-09-2019 - 28-09-2019	Cabo Verde / Vacacións con Traballo na Câmara Municipal de Santa Cruz de Lola Pardo, técnica do Concello da Coruña.
02-09-2019 - 30-09-2019	Concello de Ames / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Casas da Cultura de Bertamiráns e Milladoiro.
10-10-2019	Santiago de Compostela / Asemblea Xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Cidade da Cultura, Edificio CINC, Auditorio 2 / 10:30

10-10-2019	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Cidade da Cultura, Edificio CINC, Auditorio 2 / 09:30
14-09-2019 - 15-10-2019	Galicia / Vacacións con Traballo en Galicia de Onofre Muianga, técnico da Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos (ANAMM).
28-10-2019	Concello de Cambre / Obra 'O valo' sobre persoas refuxiadas. IES David Buján / 16:30
11-10-2019 - 31-10-2019	Concello de Poio / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Centro Cultural Xaime Illa (Raxó).
05-11-2019 - 06-11-2019	Concello de Ponteareas / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
06-11-2019	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi / 09:30
07-11-2019 - 08-11-2019	Concello de Vilagarcía / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
12-11-2019 - 13-11-2019	Santiago de Compostela / Foro da cooperación municipalista da Lusofonía. EGAP / 09:30
14-11-2019	Concello de Mugardos / Obra 'O valo' sobre persoas refuxiadas. Teatro-Casino / 11:30
19-11-2019 - 20-11-2019	Concello de Pontevedra / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
20-11-2019	Concello de Ferrol / Obra 'O valo' sobre persoas refuxiadas. Centro Torrente Ballester / 09:45
21-11-2019 - 22-11-2019	Concello de Guitiriz / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
04-11-2019 - 22-11-2019	Concello da Guarda / Exposición 'Dereitos Humanos en Mozambique'. Casa dos Alonso.
23-11-2019	A Pobra de Trives / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Auditorio Julio Vázquez / 19:00
07-11-2019 - 29-11-2019	Concello de Carballo / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Biblioteca Rego da Balsa.
05-11-2019 - 30-11-2019	Mozambique / Vacacións con Traballo na Fundação Encontro de Jesús Bravo, técnico do Concello de Redondela.
02-12-2019 - 03-12-2019	Concello das Pontes / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
04-12-2019 - 05-12-2019	Concello de Verín / Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS. Casa do Concello / 09:00
21-11-2019 - 10-12-2019	Concello de Guitiriz / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Casa Habanera.
12-12-2019	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp / 09:30

13-12-2019	Narón / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Centro Comercial Odeón / 18:30
21-12-2019	Cabanas / Contos 'Catro monos'. Casa do Concello / 12:00
02-12-2019 - 09-01-2020	Concello de Burela / Exposición 'Mindjer di Guiné'. Casa da Cultura.
14-12-2019 - 31-01-2020	Concello de Ames / Exposición 'Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. Casas da cultura de Bertamiráns e Ames.



www.fondogalego.gal

XUNTA DE GALICIA

fondo galego de cooperación e solidariedade

cooperacióngalega

Coa colaboración de

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL
IGADI

O Fondo Galego é membro da

CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE